



www.usc.gal/gl/estudos/graos/enxenaria-arquitectura/dobre-grao-enxenaria-informatica-matematicas



Dobre Grao en Enxeñaría Informática e en Matemáticas



www.usc.gal



Enxeñaría Informática e Matemáticas

O obxectivo desta dobre titulación é proporcionar unha sólida formación a futuros profesionais, que reunirán a destreza e o hábito no pensamento abstracto e razoamento lóxico que caracteriza ás matemáticas co dominio dos fundamentos teóricos e habilidades prácticas propias da Enxeñaría Informática.

Tipo Presencial

Área Enxeñaría e Arquitectura

Centro Escola Técnica Superior de Enxeñaría
Rúa Lope Gómez de Marzoa, s/n
15782 Santiago de Compostela
etse.secredireccion@usc.es

Facultade de Matemáticas
Rúa Lope Gómez de Marzoa, s/n
15782 Santiago de Compostela
zmatdeca@usc.es

Campus Santiago de Compostela

+info www.usc.gal/gl/estudos/gaos/enxenaria-arquitectura/dobre-grao-enxenaria-informatica-matematicas

Presentación

Interuniversitario: Non

Duración: 6 anos

Número de prazas: 10

Data de inicio: Setembro

Plan de estudos

A titulación está distribuída en 6 cursos, cun total de 372 créditos que están formados por 78 créditos de formación básica, 285 créditos de materias obrigatorias, dos cales 24 corresponden aos dous traballos fin de grao, e 9 créditos optativos.

Mobilidade e prácticas

A mobilidade dos/as estudantes está regulada a través do “Regulamento de intercambios interuniversitarios”. O Servizo de Relacións Exteriores xestiona os diferentes programas de intercambio existentes con outras universidades nacionais (SICUE), europeas (ERASMUS) e extracomunitarias (intercambios con países de América Latina ou países de fala inglesa).

As prácticas externas son unha materia obrigatoria de 9 créditos no grao en Enxeñaría Informática e de 6 créditos optativos no grao en Matemáticas.

